

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** CPI José García García-Mende

**CURSO:** 2º ESO

**MATERIA:** Xeografía e Historia

**DEPARTAMENTO:** Xeografía e Historia

**DATA:** 13 de maio de 2020

## **ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

- Contidos mínimos esixibles que o alumnado deberá ter adquirido para superar a materia de Xeografía e Historia no Segundo Curso da ESO:

UNIDADE 1. A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO ANTIGO Os principais reinos xermánicos europeos tras a fragmentación do Imperio romano de Occidente. A chegada dos visigodos a España e o reino suevo de Galicia. Recoñecemento e localización do Imperio bizantino. Identificación de Carlomagno como emperador.

UNIDADE 2. AL-ANDALUS A expansión do Islam. Os piares do Islam. A conquista musulmá da Península Ibérica. Etapas e formas de goberno na historia de Al-Andalus. A economía e a organización social de Al-Andalus. Trazos xerais da arte islámica e andalusí e identificar monumentos.

UNIDADE 3. A EUROPA FEUDAL As funcións da monarquía feudal. A composición dos estamentos da sociedade medieval. Os trazos distintivos do estamento nobiliario, a súa dedicación á guerra e o armamento que utilizaba. O feudo e a vida dos campesiños durante a Idade Media. A importancia da Igrexa na Idade Media.

UNIDADE 4. A ORIXE DOS PRIMEIROS REINOS PENINSULARES (SÉCULOS VIII-XIII) A evolución das fronteiras entre o mundo cristián e musulmán na Península Ibérica entre os séculos VIII e XII. A creación e a evolución do primeiro reino independente aparecido dentro do dominio islámico: o reino de Asturias. Os condados e os reinos pirenaicos. O reino de León e o reino de Castela e León. A Idade Media en Galicia: séculos VIII ao XIII.

UNIDADE 5. A CULTURA E A ARTE DO ROMÁNICO O carácter relixioso da arte románica. As características básicas da arte románica. A pintura, a escultura e a arquitectura románica. As mostras máis destacadas do Románico na Península Ibérica e en Galicia.

UNIDADE 6. AS CIDADES DA EUROPA MEDIEVAL As razóns que estimularon o renacemento da vida urbana. Os principais espazos da cidade medieval. As actividades económicas que se realizaban na cidade medieval. Os grupos sociais que habitaban a cidade medieval. As causas da crise da Baixa Idade Media.

UNIDADE 7. OS GRANDES REINOS PENINSULARES (XIII-XV) A relevancia da batalla das Navas de Tolosa. As repoboacións entre os séculos XIII e XV. Formación e institucións da Coroa de Castela e a Coroa de Aragón. A diversidade de culturas na Península durante a Idade Media.

UNIDADE 8. A CULTURA E A ARTE DO GÓTICO A orixe e a conxecturalización histórica do Gótico. As características básicas da arte gótica. A pintura, a escultura e a arquitectura góticas. As mostras máis destacadas do Gótico na Península Ibérica.

- Estándares de aprendizaxe para 2º ESO:

1. Recoñecer que o pasado non está “morto e enterrado”, senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
2. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
3. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explica as diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
4. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
5. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estes restos materiais ou textuais.
6. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
7. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
8. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
9. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
10. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
11. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
12. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
13. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
14. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.
15. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
16. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.
17. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.
18. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.
19. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.
20. Explica a importancia do Camiño de Santiago.
21. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.
22. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
23. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.
24. Describe características da arte románica, gótica e islámica.

- As competencias que se buscará traballar coas diferentes probas ou tarefas programadas serán os seguintes:

- Nas actividades de expresión oral valorarase o contido ou información transmitida, a claridade expositiva e o dominio dos aspectos non verbais.
- Nas actividades de expresión escrita terase en conta a corrección gramatical e ortográfica, a presentación formal, a coherencia ou sentido lóxico do texto, a extensión adecuada, etc.
- Nas actividades de comprensión oral ou escrita terase en conta se o alumno formula o tema, se capta a estrutura, se comprende as informacións principais, se é quen de valorar ou amosar con espírito crítico a súa opinión persoal sobre algún aspecto concreto.
- No caderno de observacións do profesorado rexistraranse aspectos tales como: comportamento na aula, faltas de asistencia, traballo diario, ausencia de material necesario, participación e interese, acerto das intervencións, as diferentes cualificacións obtidas nas probas ou tarefas realizadas e a porcentaxe asignada na media trimestral.

## **2. Avaliación e cualificación**

A avaliación do alumnado farase empregando probas escritas (dúas por avaliación) e tarefas feitas no seu caderno de materia. Para a avaliación final de este curso 2019-2020, o profesor fará unha media entre as cualificacións obtidas polo alumno entre as dúas primeiras avaliacións, á cal se lle poderá sumar ata un máximo de dous puntos polo traballo realizado por parte dos alumnos ao longo da terceira avaliación. Nunca se poderá baixar a cualificación xa obtida entre as dúas primeiras avaliacións.

O profesor, ademais, propondrá toda unha serie de tarefas de recuperación a realizar no caderno, para que, aqueles alumnos que á altura da terceira avaliación teñan a materia suspensa, poidan recuperala a través da realización desas actividades.

No caso de aqueles alumnos que non conseguiran superar a materia no mes de xuño, propondráselles facer unha serie de actividades para que traballen os contidos mínimos da materia ao longo dos meses de verán. Esas actividades serán correxidas polo profesor nos primeiros días de setembro, co obxecto de comprobar si o alumno ten superada a asignatura.

Con respecto a aqueles alumnos que teñan a materia de Xeografía e Historia pendente de cursos anteriores, o profesorado propondrá ao alumno a realización dunha serie de actividades no seu caderno para que traballe os contidos mínimos da materia no nivel correspondente. Esas actividades serán entregadas ao Xefe de departamento, e correxidas por él mesmo, na primeira quincena do mes de xuño. Aqueles alumnos que non entreguen as materias, ou non acaden o nivel esixido, terán a posibilidade de facelo en setembro.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

O alumnado de 2º da ESO levará a cabo ao longo deste terceiro trimestre, fundamentalmente, actividades de repaso e de reforzo, ao que se engadirán as de recuperación para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación pendente ou, non teñan superada a materia en 1º da ESO. A maiores se farán actividades voluntarias para aqueles alumnos que desexen ampliar os seus coñecementos sobre a materia en cuestión-

Na metodoloxía a aplicar, o profesor enviará todos os luns unha serie de actividades que os alumnos deberán realizar e devolverllas feitas ao profesor ao longo da semana para que este poida correxilas e avalialas.

O profesor, fundamentalmente, se apoiará á hora de encomendar as tarefas no libro de texto do alumnado. A maiores poderá empregar algún enlace de internet para o visionado dalgún pequeno vídeo de carácter documental.

Para aqueles alumnos que teñan pendente 1º da ESO, o profesor enviaralle ao alumno todas as semanas unha serie de fichas con actividades correspondentes aos contidos imprescindibles da materia nese nivel, que o alumno deberá devolver resoltas ao longo desa semana.

### **4. Información e publicidade**

A información ao alumnado e ás familias farase a través de vía telemática utilizando a páxina web do centro e máis os correos electrónicos, tanto do profesor coma dos alumnos.

Esta ampliación da programación, unha vez revisada e aprobada polas autoridades educativas será publicada na web do centro para a libre consulta tanto dos alumnos como das súas familias.